

ACTA DE APERTURA E CALIFICACION DE DOCUMENTACION

En Oroso, sendo as 10:00 horas do día 30 de xullo de 2008 na Casa Consistorial constitúese a Mesa de Contratación, neste acto para proceder á apertura e calificación da documentación contida no sobre B na contratación mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios, tramitación ordinaria do “Contrato do servizo do programa Bos Días Cole”.

Preside D. Manuel Mirás Franqueira, alcalde-presidente coa asistencia coma vogais de D. Vanesa Reboredo Fraga, concelleira de réxime interior, economía e facenda, ensino, patrimonio e comercio, D. Dalmiro Núñez Méndez (secretario do Concello), D. Felix Manuel Carrasco del Pozo (interventor do Concello) e D. Manuel Suárez Bermudez (técnico municipal).

Actúa como secretaria, a funcionaria municipal D^a Ana M^a Liñares Castro.
Examinado o certificado do secretario do Concello, presentaron proposicións os seguintes licitadores:

- COESCO, S.L.
- XESTION CULTURAL AUREA, S.L
- SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN, S.C.

CALIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

A Mesa procede á calificación da documentación contida nos respectivos **Sobre B**, substituído **“CAPACIDADE PARA CONTRATAR”** presentada polos licitadores arriba sinalados, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Concello de Oroso por decreto de alcaldía de 9 de xuño de 2008.

- A documentación presentada por COESCO, S.L. é correcta.
- A documentación presentada por XESTION CULTURAL AUREA, S.L. presenta as seguintes deficiencias:
 - Acreditación da solvencia económica e técnica: non presenta a póliza de seguros de responsabilidade civil por importe mínimo de 300.000 euros e franquía de 300 por prexuízo ou sinistro que cubra os posibles danos ocasionados na prestación do servizo ao alumnado e Concello
- A documentación presentada por SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN, S.C. presenta as seguintes deficiencias:
 - Acreditación de solvencia económica e técnica: non presenta unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes, acreditados mediante certificados expedidos ou visados polo


órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

- Non presenta verificación de suficiencia (legal, suficiente e subsistente) ante a Secretaría do Concello.
- Non presenta declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias ante a Facenda Estatal.


A mesa acorda conceder aos licitadores tres días hábiles de acordo co artigo 15 do prego para subsanar aqueles defectos de non presentación de documentación.

Sendo as 10:30 horas, a Mesa da por terminado o acto. De todo o transcurrido neste acta, que asine o presidente e os vogais, eu secretaria da Mesa dou fé.

PRESIDENTE



VOGAIS



SECRETARIA

